



Examinado o informe proposta elaborado polo negociado de Benestar Social con data 19/11/2024 e que literalmente transcrito di:

“O pasado 15/10/2024 a Xunta de Goberno Local do Concello de Ferrol aprobou as Bases e a convocatoria do expediente Agasallos de Nadal 2025 que foron publicadas no BOP nº 203 de data 21/10/2024

Transcorrido o prazo de 10 días hábiles para a presentación das solicitudes, e avaliada a documentación polo persoal técnico dos servizos sociais, tal e como figura na documentación que consta no expediente, procede, de acordo co establecido na base 5, a publicación da listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as con indicación dos motivos de exclusión, así como a concesión dun prazo de 10 días hábiles para emenda da documentación.

Á vista do anterior e co fin de continuar coa tramitación do expediente, proponse á concelleira de Política Social e Inclusión a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.-Aprobar a **listaxe provisional** de solicitudes concedidas e denegadas ,así como o motivo da denegación.(Anexo I)

Segundo.- Conceder un prazo de **10 días hábiles** para emendar ou completar aquelas solicitudes incompletas ou defectuosas.

Terceiro .-**Publicar esta listaxe provisional na sede electrónica** da páxina web do Concello.

Unha vez transcorridos os 10 días hábiles e resoltos os expedientes, publicarase a listaxe definitiva de axudas concedidas.”

Decreto.- Vista a proposta apróboa nos seus propios termos.

A Concelleira delegada especial de Política Social e Inclusión, por acordo da XGL de 11/12/2023 (BOP n.º 241 do 20/12/2023)

Dou fe
A Oficial Maior
como titular do órgano de apoio á XGL